

A casiña branca

Eu teño unha casiña branca
e tamén un galiño cantor (bis)
Polas mañás cando se levanta
kikirikicanta coma un ruiseñor (bis)

Eu son feliz, quero cantar
polas mañás co meu galo ao clarexar,
granxeiro son, deste país,
coa miña casa e o meu galo cantarín,
Chis,plin


ACTIVIDADES A PARTIR DA CANCIÓN:

1. Intentamos aprender a canción e os seus xestos (premer na imaxe da granxeira)
2. Imprimir as figuras xeométricas que veñen ao final desta proposta (cadrados, triángulos e rectángulos), colorealas, recortalas e con elas nun folio montar unha casiña con fiestras, porta e cheminea. Cando teñamos a casiña montada, completamos o debuxo coas cousas que aparecen na canción, un galo, un paxariño, un granxeiro, o sol cando amence, e todo o que lles pareza oportuno.
3. Xogar en familia a dicir nomes de animais da granxa. Os maiores poden facer un listado de todos os animais e debuxalos, e os pequenos colorear e asociar cada animal co seu nome na ficha que vos poñemos ao final.
4. Xogamos de forma oral a poñer problemas do tipo:
 - Se unha vaca ten catro patas e un porco outras catro. Cantas patas teñen os dous xuntos?
 - E se xuntamos unha vaca cun parrulo. Cantas patas teñen os dous en total?
 - E se temos un galo e un parrulo xuntos. Cantas patas vemos en total?

Pódeno facer de xeito oral, apoiándose en palillos ou pinturas e tamén poden escribir os díxitos nunha ficha despois de ter a solución. (Ven un modelo a continuación).

5. Debúxate de granxeiro/a fixándote no debuxo da páxina web, onde pinchamos para ir as actividades.

CÁNTAS PATAS SON?



+




=




+



=








+



=





COELLO



PARRULO

OVELLA

VACA

PORCO

GALIÑA



CON ESTAS FIGURAS XEOMÉTRICAS, COLOREAAS, RECORTAAS E PEGA NUN FOLIO FACENDO A CASIÑA BRANCA. SE NON TES IMPRESORA DILLE A UN ADULTO QUE CHE FAGA AS FORMAS NUN FOLIO. DESPOIS DE MONTAR A CASIÑA, COMPLETA O DEBUXO COAS COUSAS QUE APARECEN NA CANSIÓN.